

Os prexuizos lingüísticos: escolma e clasificación



Adaptación dun [traballo de Xosé Ramón Freixeiro Mato](#)

Non hai prexuizos?

- No Estado español continúan a se difundir prexuizos que no fondo pretenden o reforzamento do castelán e o debilitamento das outras linguas cooficiais: a maior validez do castelán para a vida moderna, a imposición nacionalista...
- Aínda que parecen terse reducido algúns prexuizos sobre o galego, varios estudos recentes constatan unha presenza importante entre a xente nova.
- O enfrontamento deses prexuizos, que están a servir de freo ao proceso de normalización do noso idioma, é imprescindible.

Que son os prexuizos?

- Son xuizos de valor sen base suficiente emitidos sobre unha lingua ou sobre os falantes dela co propósito de provocar o seu rexeitamento.



CLASIFICACIÓN DOS PREXUÍZOS A RESPECTO DO GALEGO

Para clasificalos e achegarmos argumentos eficaces en contra deles, podemos agrupalos arredor de seis grandes eixos temáticos:

- prexuízos relacionados coa suposta falta de utilidade,
- aqueles que o asocian coa pobreza e co atraso,
- a súa consideración como sinal de descortesía,
- os prexuízos relacionados coa pretensa imposición,
- a caracterización pexorativa deste e a (in)competencia dos seus falantes,
- o galego como marca ideolóxica.

CLASIFICACIÓN DOS PREXUÍZOS A RESPECTO DO GALEGO

1. *Prexuizos relacionados coa suposta falta de utilidade do galego*

1) *O galego íllanos do exterior*

- ! Durante a Idade Media foi a única lingua de Galiza e esta tivo a maior proxección exterior da súa historia; alén diso, permítenos comunicarnos con máis de 200 millóns de persoas que son de expresión galego-portuguesa.

2) *O tópico da lingua universal*

- ! "Un can de Turquía ouvea igual que un can de Dinamarca; un cabalo das Pampas arxentinas rincha igoal que un cabalo da Bretaña. E sabedes por que? Porque os probes animaes aínda están no idioma universal..." (Castelao).

3) *O galego non xera riqueza*

- ! A lingua propia será sempre unha grande fonte de riqueza e progreso para aqueles países que a posúiren e que a souberen pór en valor.



CLASIFICACIÓN DOS PREXUÍZOS A RESPECTO DO GALEGO

2. Prexuizos que asocian o galego coa pobreza e co atraso

1) O galego, lingua rural

! O uso do galego véñse asociando, de maneira redutora e simple, co mundo rural e, derivado diso, coa pobreza e ignorancia. O uso do galego nos ámbitos urbanos e innovadores é tamén relevante.

2) O estudo do/en galego como perda de tempo e atraso

! Desde hai centos de anos o galego permaneceu totalmente afastado do sistema educativo e ningún neno ou nena galego puido estudar a súa propia lingua. Hoxe, a súa presenza no ensino posibilita para todos o desenvolvemento de maiores competencias.

EUROPA É PLURILINGÜE
QUEN SABE GALEGO SABE MÁIS

+ LINGUAS = + COÑECEMENTO + CULTURA + CIVILIZACIÓN + LIBERDADE

CLASIFICACIÓN DOS PREXUÍZOS A RESPECTO DO GALEGO

3. O uso do galego como sinal de descortesía ou má educación

1) O galego como desconsideración cara ás persoas descoñecidas

! De asumirmos iso, estaríamos reservando para o galego un papel totalmente subordinado como lingua inferior.

2) Renuncia ao uso do galego por respecto ás persoas foráneas

! As persoas de fóra que veñen á Galiza non poden ter máis dereitos dos que as galegas teñen cando saen fóra. E é positivo facilitarlles a súa aprendizaxe.



CLASIFICACIÓN DOS PREXUÍZOS A RESPECTO DO GALEGO

4. Prexuizos relacionados coa pretensa imposición do galego

1) A imposición do galego no sistema educativo

- ! Todas as materias teñen o mesmo grao de imposición; sería como falarmos en Inglaterra da imposición do inglés. A impartición dun amplo número de materias en galego fai que melloren as competencias comunicativas.

2) Como antes se impuxo o castelán, agora quérese impor o galego

- ! Moita xente foi ridiculizada, castigada e inclusive nalgún caso asasinada por falar ou defender o galego: deuse un só caso á inversa? Alén diso, a Lei de Normalización Lingüística ou o Plan xeral de normalización foron aprobados por unanimidade no Parlamento galego.

3) O rexeitamento social á normalización do galego

- ! Todos os estudos e inquéritos dan unha maioría social a favor do galego.



CLASIFICACIÓN DOS PREXUÍZOS A RESPECTO DO GALEGO

5. A caracterización pexorativa do galego e a (in)competencia dos seus falantes

1) O galego como lingua ruda ou fea

- ! Deriva do sometemento de Galiza a Castela a fins da Idade Media e das consecuencias de miseria e pobreza, mais realmente temos unha historia e un presente de dignidade e creatividade.

2) O galego normativo como lingua artificial

- ! Todas as linguas posúen un modelo de lingua formal e culta diferente das distintas variantes.

3) As persoas galegas non saben falar o galego

- ! Unha lingua nunca se chega a falar ben de todo e en xeral as persoas galegas son plenamente competentes en galego.



CLASIFICACIÓN DOS PREXUÍZOS A RESPECTO DO GALEGO

6. O galego como marca ideolóxica

1) O galego, lingua marcada politicamente

- ! A identificación cunha ideoloxía determinada non é nin axeitada nin positiva para o galego. O uso e a defensa do galego debemos situalos máis alá dunhas siglas políticas concretas.

2) A condición 'estraña' das crianzas galegofalantes das cidades

- ! Sofren as consecuencias de o galego se ter convertido nunha lingua política ou socialmente marcada.



E ti, percibes? pensas?

Entendes que hai ideas simplistas ou falsas que limitan a vitalidade da lingua galega?

Coñeces a realidade, cuestionas esas ideas e procuras argumentos?

Enfrontas os prexuízos?